

## **SESIÓN ORDINARIA DE 28 DE DECEMBRO DE 2017**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás 13:20 minutos do día 28 de decembro de 2017 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros, D. José Yebra Amorín, D<sup>a</sup> María Begoña Seco Varela, D. Jesús Fernández García, D. Antonio López Pérez, D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo, D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández, D<sup>a</sup> Luisa Meilán Lombao, D<sup>a</sup> Magdalena Ron Villar e D<sup>a</sup> Juana Romero García e, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Dona D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao incorpórase no primeiro punto da orde do día.

Dona Tania Díaz Seijas excusa a súa asistencia.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 28 DE SETEMBRO E 26 DE OUTUBRO DE 2017**

O Alcalde propón a aprobación das actas citadas.

A voceira de FLI, que no primeiro punto da acta da sesión de 28 de setembro, afírmase “A concelleira afirma que non foi convocada conforme ao uso desta corporación (por correo electrónico e máis presencialmente), e que iso non pode ser nun asunto coma é a aprobación do orzamento”.

Está de acordo con esta afirmación, non obstante, a continuación no acta afírmase que “O Secretario afirma que lle foi convocada coma sempre e coa debida antelación, e que así figura acreditado no expediente”.

É nesta afirmación do Secretario no que non está de acordo, xa que non foi convocada mediante correo electrónico, chamada telefónica e notificación no domicilio, e as dúas últimas modalidades non se produciron.

O Secretario afirma que consta no expediente a notificación asinada por Juana Romero por orde da voceira Magdalena Ron.

As concelleiras de FLI aseguran que asinaron as notificacións cando chegaron ao concello.

O Alcalde afirma que, se consta o documento asinado, non se pode dubidar da práctica da convocatoria. Tamén afirma que o correo electrónico tanto funciona aquí coma no extranxeiro.

Neste intre incorpórase Pilar Méndez Lombao.

O Secretario pregunta si se está a debater a aprobación da acta ou se está a debater se o que dixo o Secretario é correcto ou non.

A voceira de FLI non quere que conste que o Secretario afirmou que se practicou a convocatoria debidamente xa que non é certo que se practicara debidamente e quere que conste en acta.

Tamén alega que nese mesmo punto da orde do día afírmase *“A voceira de FLI afirma que estamos a voltar con prohibicións ao debate, e roga que conste na acta que non lle deixan debater o punto relativo ao acta da última sesión”*.

Non está de acordo, xa que asegura que dixo *“que constase en acta que o sr. Alcalde non deixaba correxir este borrador en concreto”*, xa que o Alcalde non lles deixou falar, así que quere que conste en acta a nosa opinión, non a do Secretario.

O Alcalde asegura que o Secretario o que fai é un resume sucinto da súa intervención, non fai constar a súa opinión sobre os asuntos. E recorda que existe unha grabación do Pleno de acceso público para que calquer persoa poida contrastar.

A voceira de FLI quere que conste en acta *“que non lles deixou o sr. Alcalde correxir o acta, os borradores da acta”*.

O Secretario informa que o que non lles deixaría sería *“debatir”*, xa que elas non poden correxir acta algunha.

A voceira de FLI afirma que *“pois debatir os borradores da acta”*. Finalmente quere que conste *“correxir os borradores da acta”*, xa que non é o mesmo debatir que correxir.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación das actas.

Realizada a votación, as actas resultan aprobadas con dez votos a favor e unha abtención (manifestada por Juana Romero alzando o brazo).

Rematada a votación, a voceira de FLI asegura que, si se corrixe o acta votarán a favor.

O Alcalde asegura que o acta está como está e así se someteu a votación.

Iniciado do segundo punto da orde do día, Juana Romero afirma que votaron en contra da aprobación do primeiro punto da orde do día.

O Secretario afirma que a concelleira Juana Romero alzou o brazo no intre de votar as abstencións.

As concelleiras de FLI aclaran que o fixeron porque estaban despistadas.

O Alcalde considera que non é serio votar unha cousa e aos cinco minutos a contraria, pero por ese motivo non haberá discusión.

## **2.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN E SIMULTÁNEA AFECTACIÓN DUN TRAMO DE CAMIÑO EN ASPAI**

Iniciáase o debate de este punto da orde do día expoñendo o Alcalde a seguinte proposta:

“Con data de 2 de agosto de 2016, don Higinio Flores Rivas presentou escrito solicitando a variación dun tramo de camiño identificado como pol 57, parcela 9001, na colindancia coas parcelas 233 e 234 do polígono 57 e 84 do polígono 29, a fin de conectar co camiño parcialmente catastrado como pol 57, parcela 9007.

Aporta proxecto técnico descriptivo da actuación, xustificando a proposta na mellora da continuidade viaria.

A arquitecta municipal, o día 23 de outubro emitiu o seguinte informe:

Unha vez analizada a documentación presentada e cotejada cos planos do catastro histórico obsérvase que non aparece reflectido nos planos achegados un camiño que aínda non existindo no catastro actual existía no catastro histórico ademais de existir en parte na realidade polo que se lle require que achegue nova documentación na que apareza reflectido devandito camiño. Este camiño discorría no seu tramo final entre as parcelas 233 E 234 do polígono 57 coincidindo sobre a delimitación actual da parcela 233 ( tramo B da cartografía achegada de situación inicial).

A realidade é que este camiño xa hai tempo que discorre no seu tramo final entre as parcelas 233 e 232 do polígono 57 aínda cando tampouco esta circunstancia está reflectida en catastro, correspondendo a súa localización e propiedade á parcela 232. ( tramo B da cartografía achegada de plano explicativo das operacións para realizar.

Co fin de realiza as modificacións expostas para a afectación e simultánea desafectación de tramos de camiño é necesario realizar as seguintes operacións que se describen gráficamente no plano achegado: “Modificación trazado de camiños”.

- O tramo de camiño público denominado D, da superficie de 190,45 m<sup>2</sup> se desafecta e cédese a D. Higinio Flores Rivas para agregar á parcela 85 do polígono 29 da súa propiedade.
- O tramo de camiño público denominado H-E é desafectado sendo dividido e cedido da seguinte forma:

Tramo H da superficie de 119,75 m<sup>2</sup> que é cedido a Dna. María Rivas Rivas para agrupar á parcela 234 do polígono 57 da súa propiedade.

Tramo E da superficie de 39,85 m<sup>2</sup> que é cedido a D. Higinio Flores Rivas para a súa agrupación á parcela 85 do polígono 29.

Tramo de camiño que aparece relado no plano, da superficie de 21 m<sup>2</sup> que é cedido á parcela 234 propiead de Dna. María Rivas Rivas

- O tramo de camiño de titularidade privada denominado tramo C da superficie de 310 m<sup>2</sup>, propiedade da D. Higinio Flores Rivas que discorre sobre a parcela 233 é

segregado desta para ser cedido ao Concello de Outeiro de Rei para a súa afectación como camiño público.

- O tramo de camiño de titularidade privada denominado tramo F da superficie de 103,30 m<sup>2</sup>, propiedade da Dna. María Rivas Rivas que discorre sobre a parcela 234 é segregado desta para ser cedido ao Concello de Outeiro de Rei para a súa afectación como camiño público.
- O tramo de camiño de titularidade privada denominado tramo B da superficie de 157,60 m<sup>2</sup>, propiedade da D. Higinio Flores Rivas que discorre sobre a parcela 233 é segregado desta para ser cedido ao Concello de Outeiro de Rei para a súa afectación como camiño público.

Como resultado destas operacións os camiños públicos existentes diminúen en 398,75 m<sup>2</sup> e agrégase unha superficie de camiños existentes que pasan a ser públicos de 570,90 m<sup>2</sup>.

As superficies resultantes finais reflíctense no plano “camiños e parcelas definitivas” e é o seguinte:

- Parcela 85 do polígono 29 modificada cunha superficie de 2.783 m<sup>2</sup>
- Parcela 234 do polígono 57 modificada cunha superficie de 2.535 m<sup>2</sup>”.

Examinada a proposta, non se observa inconveniente para o interese público, senón unha mellora do trazado viario, polo que o día 23 de outubro iniciouse expediente tendente á alteración demanial solicitada, cursando notificación aos propietarios colindantes e publicando anuncio indicativo no BOP (4 de novembro de 2017).

Durante o prazo de información pública ninguén manifestou alegación ou oposición algunha, motivo polo cal PROPOÑO ao Pleno da Corporación:

Resolver o expediente de alteración do tramo de camiño de identificado como pol 57, parcela 9001, na colindancia coas parcelas 233 e 234 do polígono 57 e 84 do polígono 29, a fin de conectar co camiño parcialmente catastrado como pol 57, parcela 9007, nos termos descritos anteriormente”.

Non xurdindo debate sobor este asunto, sométese a votación a proposta de resolución.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con once votos a favor e unha abstención, pertencente á voceira do PSdG-PSOE.

### **3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DAS NNSS DE PLANEAMENTO**

Ponse de manifesto a seguinte proposta de resolución ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno:

“José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das funcións que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Con data de decembro de 2017, a arquitecta municipal formulo o documento de modificación puntual das NNSS de planeamento municipal de Outeiro de Rei, que ten por obxecto:

□A delimitación dos núcleos rurais de Penelas, Francos, Corredoira, Leiros Largos e A Barciela.

□A modificación das ordenanzas SNU/N e SNU/IPV e disposicións de carácter xeral.

□O réxime das edificacións en situación de fora de ordenación.

Dito proxecto adecúa o aprobado inicialmente con data de 28 de abril de 2014, á nova Lei 2/2016, do Solo de Galicia así coma ao seu regulamento de desenrolo (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro).

Asemade, incorpora as determinacións dos informes sectoriais emitidos.

A arquitecta municipal e o Secretario do Concello informaron favorablemente o documento.

No relativo á competencia, e segundo dispón o artigo 22.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, o órgano competente para a súa aprobación é o Pleno da Corporación, requirindo a súa aprobación maioría absoluta (art. 47.2.11 Lei 7/1985, de 2 de abril).

Por todo o anterior, propono ao Pleno da Corporación a aprobación provisional do documento de aprobación provisional de modificación puntual das NNSS de planeamento municipal de Outeiro de Rei datado a decembro de 2017”.

Tras unha breve exposición do sr. Alcalde do contido da proposta, toma a palabra Xabier Molinos, concelleiro do BNG, quen asegura que non están en contra de delimitar os núcleos rurais, pero sí de facer urbanismo a través de continuas modificacións puntuais que poden xerar discriminacións entre as diferentes parroquias, xa que hai parroquias onde hai núcleos que non están actualmente recoñecidos.

A solución que propón o BNG é unha solución global para o conxunto do concello e que trate a tódolos veciños por igual. A tal fin, no intre de constituírse a Corporación, o BNG propuxo a creación de unha comisión informativa en materia de urbanismo, ao que se opuxo o sr. Alcalde. Dende ese intre o equipo de goberno está a a facer urbanismo con parches.

O BNG insiste na necesidade de acadar unha solución global que permita superar as NNSS de 1992, que están totalmente desfasadas e feitas para beneficiar a uns poucos.

O Alcalde oponse á redacción dun Plan Xeral porque lle impediría facer un urbanismo á carta, e non lle permitiría decidir onde construír e cómo.

Esta modificación ten como único obxectivo arranxar un problema que creou o propio concello. En efecto, a Sentencia 35/2014 do xulgado do contencioso-administrativo número 2 de Lugo declarou que o solo urbanizable de Robra non era solo de núcleo rural, sentenza que está na orixe dos sucesivos proxectos de modificación puntual que se trouxeron a este Pleno.

Remata insistindo na necesidade de afrontar unha solución igualitaria para todos os veciños de Outeiro de Rei e que non xenere discriminacións entre parroquias.

A voceira de FLI considera que as NNSS están totalmente en desuso e non teñen razón de ser, e o lóxico sería facer un Plan de Ordenación Municipal. Asegura que o Alcalde oponse a formular un novo Plan Xeral alegando que levará moito tempo e que será unha labor casi imposible, pero se ben é certo que levará tempo, seguramente acadará axuda técnica para redactalo. De feito, se estes cinco anos adicados a intentar delimitar os núcleos de Robra se adicaran a redactar un Plan Xeral de Ordenación Municipal xa ateríamos moito avanzado e sería moito máis xusto para todos os veciños.

Informa de un erro no informe da arquitecta municipal, xa que cando relaciona os informes dos diferentes organismos, afirmase que se recibiu un informe favorable de data de 14 de agosto de 2018.

O Alcalde confirma que, obviamente, se trata de un erro de transcripción.

Remata a intervención solicitando que se redacte un Plan Xeral de Ordenación Municipal de todo o concello.

A voceira do PSdG-PSOE recorda que a Lei do Solo obriga á redacción de un Plan Xeral, e que a súa redacción sería moi convinte, xa que a modificación das NNSS beneficia soamente a unha parte e non á totalidade do termo municipal.

O Alcalde recorda que xa dende fai varias lexislaturas a oposición propón a redacción dun Plan Xeral e invítalles a que o presenten nas vindeiras eleccións nos seus programas electorais.

Os veciños coñecen perfectamente que a redacción dun Plan Xeral perxudicaría gravemente a Outeiro de Rei, xa que reduciría enormemente o suelo edificable actualmente existente.

As actuais NNSS funcionan ben, e a mostra é que Outeiro de Rei é un dos poucos concellos que están a crecer e dos que mellores servicios ten.

Por outra banda, non é certo que o Concello conte con axuda técnica, como moito contará con unha subvención se a Xunta de Galicia dispón de partida orzamentaria suficiente.

E se lles parece moito 5 anos para unha modificación puntual, non sabe qué lles parecerá os 12 anos que leva o concello de Lugo para aprobar o Plan Xeral, sendo a capital da provincia e contando con moitos medios e moitos técnicos en plantilla.

Actualmente non chegan ao 50% dos concellos de Galicia que contan con Plan Xeral, e mentres a normativa urbanística sexa tan restrictiva coma é a actual, este equipo de goberno non ten a intención de afrontar a formulación dun PXOM.

En resposta á acusación de que fai urbanismo á carta, asegura que o urbanismo ten que servir para algo. O planeamento non pode quedar conxelado para sempre. E cando nunha parroquia ou un promotor privado ten unha iniciativa a obriga do Concello e analizala e, se é viable e convinte para o interés xeral, sacala adiante.

Non é certo que se discrimine entre parroquias, xa que todas as parroquias teñen núcleos delimitados, e a superficie delimitada nas restantes parroquias é, en proporción ao número de habitantes, moi superior á de Robra.

Tamén aclara que en Robra non houbo ningunha sentenza sobor as normas subsidiarias, senón unha sentenza sobre unha edificación concreta.

Conclúe recalcando que a formulación dun novo Plan Xeral daría lugar a unha redución drástica do solo edificable en Outeiro de Rei, o que perxudicaría os veciños e que, por tal motivo, non adoptará tal iniciativa.

A voceira de FLI afirma estar farta de que se escude en comparacións con outros concellos, e o convida a que se deixe de mirar para o lado e adopte as medidas mellores para este concello.

Engade que o Alcalde afirma que leva gobernando trinta anos, e durante estes trinta anos non foi quen de evitar que cruzar o núcleo de Outeiro significa asumir un importante risco, xa que non hai nin un so paso de cebra.

Sorpréndelle que o Alcalde poña en dúbida a colaboración da Xunta para a formulación dun Plan Xeral, cando lle acaban de subvencionar a construción dun circuito de Karts que custará 205.000 euros. ¿Ten a Xunta para u circuito de Karts e non para un Plan Xeral?.

O concelleiro do BNG recalca que o BNG está a favor do crecemento de Outeiro de Rei, pero non ao crecemento da Palloza, Mosteiro ou Triaqua namentres a vila de Outeiro de Rei está coma estaba fai trinta anos. Ese é un modelo de crecemento non sostible ao qu se opón o seu grupo.

A razón de ser de esta modificación puntual consiste na delimitación dos núcleos existentes en Robra as determinacións da lexislación actual. Pero, ¿por qué se fai en Robra e non nas outras parroquias?.

A continuación da lectura, en viva voz, de ate seis parágrafos da memoria do proxecto de modificación puntual nas que se fai referencia á inadecuación das NNSS de planeamento, calificando a normativa municipal como dispersa e de difícil aplicación, e mesmo nas que se califica de “erro” a clasificación urbanística do núcleo de Robra contida nas NNSS, evidenciado a falla de desenvolvemento urbanístico de este solo calificado de urbanizable a pesares do seu grao de consolidación.

E recorda que dende a propia Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia gobernada polo PP están a instar aos concellos a formular os seus Plans Xerais, pese ao cal vostede segue a afondar no erro.

A voceira do PSdG-PSOE, afirma que, si a tramitación de esta modificación comenzou en 2012 e a día de hoxe todavía se está a aprobar provisionalmente, semella que o Alcalde quere seguir o exemplo de Lugo ao que tantas veces se refire.

O Alcalde resposta que o longo período de tramitación do PXOM de Lugo é un exemplo das complexidades procedimentais da formulación e aprobación dun Plan Xeral e o que dilata no tempo a adopción das solucións que buscan os veciños.

Pero ese non é o problema, porque si soamente fora por eso xa estaríamos traballando nel, levase cinco ou catorce anos.

O problema é que a redacción dun novo Plan Xeral ocasionaría un drástico recorte do solo neste concello, o que conlevaría graves perxuizos para os nosos veciños.

E se en todas parroquias hai núcleos, e temos parque empresarial e suelo industrial suficiente para desarrollarse e núcleo urbano, o único que acadaremos é un recorte do que xa temos e nada máis.

En relación á cita de Mosteiro, Triaqua e A Palloza, recorda que Mosteiro é un núcleo rural que está a medrar, non é unha urbanización, namentres que Triaqua e A Palloza sufriron a crise económica e o abandono do seu promotor, se ben algún dos concelleiros aquí presentes viven nestas urbanizacións e gozan dos mellores servizos.

Engade que o paso da NVI se poida facer pronto, e que non propondrán a adaptación dos núcleos das restantes parroquias ao novo marco legal, xa que se reducirían moitísimo os núcleos.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación provisional de modificación puntual das NNSS de planeamento municipal de Outeiro de Rei que ten por obxecto a delimitación dos núcleos rurais de Penelas, Francos, Corredoira, Leiros Largos e A Barciela; A modificación das ordenanzas SNU/N e SNU/IPV e disposicións de carácter xeral e o réxime das edificacións en situación de fora de ordenación.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con sete votos a favor e cinco votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais de BNG, FLI e PSdG-PSOE.

#### **4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DE DIVERSAS ORDENANZAS FISCALES**

Ponse de manifesto a seguinte proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno:

“José Pardo Lombao, Alcalde- Presidente do concello de Outeiro de Rei.

Visto o protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos doing business Galicia”.

Visto que na cláusula segunda do devandito protocolo inclúense os compromisos dos concellos para que poidan participar na iniciativa, relativos a bonificacións no IBI, IAE, ICIO, e supostos de non suxeición na taxa pola prestación de servizos urbanísticos, e na taxa pola apertura de establecementos.



En uso das competencias recoñecidas e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, esta alcaldía considera oportuno e necesario modificar as Ordenanzas fiscais reguladoras dos seguintes impostos:

*Imposto de Bens Inmóbeles de Natureza Urbana:* Bonificación de até o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmóbeles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de cinco o máis postos de traballo.

Co gallo de modular o importe da bonificación á relevancia da actividade para o fomento do emprego, establécense tres módulos en función do número de postos de traballo creados, de xeito que até 5 postos de traballo a bonificación acadará o 50%, entre 6 e 20 postos de traballo a bonificación acadará o 75% da cuota e no suposto de creación de máis de 20 postos de traballo, a bonificación acadará o 95%.

*Imposto de Construcións, Instalacións e Obras:* Bonificación de até o 95% da cota íntegra do imposto para as construción, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique creación de emprego.

*Imposto de Actividades Económicas:* Bonificación de até o 95% da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que impliquen a creación, cando menos, de cinco postos de traballo.

Co gallo de modular o importe da bonificación á relevancia da actividade para o fomento do emprego, establécense tres módulos en función do número de postos de traballo creados, de xeito que no suposto de creación de até 5 postos de traballo a bonificación acadará o 50%, entre 6 e 20 postos de traballo a bonificación acadará o 75% da cuota e no suposto de creación de máis de 20 postos de traballo, a bonificación acadará o 95%.

Taxa por expedición de licencias urbanísticas de actividade, de primeira utilización e de realización de actividades administrativas de control: Non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou licenza de apertura ou verificación “a posteriori” de comunicación previa para levar a cabo á súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a alguna actividade económica das incluídas no

eido da industria 4.0 ou da Ris3.

Polo exposto anteriormente, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo, previo ditamen da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación do artigo 3 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles, nos termos indicados anteriormente, coa redacción que se recolle a continuación:

*Artigo 3: Bonificacións potestativas.*

*1º.-As vivendas que constitúan a residencia habitual de familias numerosas gozarán dunha bonificación na cota íntegra do imposto, de acordo coas seguintes categorías:*

- *Xeral: bonificación do 50% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas con tres ou catro fillos, ou que, tendo dous fillos, un deles teña un grado de minusvalía superior ao 66%.*
- *Especial: bonificación do 75% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas de máis de catro fillos.*

*Aos efectos da clasificación na categoría xeral ou especial anterior, estarase ao disposto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección de Familias Numerosas.*

*Terá a consideración de vivenda habitual a que figure como residencia no Padrón Municipal.*

*Os suxeitos pasivos do imposto deberán presentar, xunto coa solicitude de bonificación, os documentos oficiais acreditativos da súa condición de familia numerosa.*

*2º.- Establécese unha bonificación da cota íntegra do imposto a favor de inmóbles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que impliquen a creación de novos postos de traballo.*

*O importe da bonificación será o seguinte:*

- *Creación de até 5 postos de traballo: bonificación do 50% da cuota.*
- *Creación de entre 6 e 20 postos de traballo: bonificación do 75% da cuota.*
- *Creación de máis de 20 postos de traballo: bonificación do 95% da cuota.*

*Esta bonificación será de aplicación únicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións e se aplicará aos tres exercizos tributarios seguintes a aquel no que se inicie a actividade económica e se produza a creación de emprego. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e*

*acordaráse previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.*

*3º.-Ao abeiro do disposto no artigo 9 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,terán dereito a unha bonificación do 2 por cento da cota íntegra do imposto aqueles suxeitos pasivos que domicilien os seus pagos nunha entidade financeira.*

SEGUNDO. Aprobar o artigo 3.bis da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de Construcións, Instalacións e Obras, nos termos indicados anteriormente, coa redacción que se recolle a continuación:

*Artigo 3º bis.- Bonificacións tributarias.*

*Establécese unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto para as construción, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.*

*Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique creación de emprego.*

*Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordaráse, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.*

*En relación coa bonificación citada, establécense os seguintes tramos:*

*-95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.*

*-75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.*

*-50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo*

*Esta bonificación terá unha vixencia de tres exercizos naturais a contar dende a súa entrada en vigor. Transcurridos éstos decaerán na súa vixencia salvo acordo expreso de prórroga adoptado polo Pleno da Corporación.*

TERCEIRO. Engadir unha Disposición Adicional Terceira á Ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmóveis, coa redacción seguinte:

*Disposición Adicional terceira: Imposto de Actividades Económicas.*

*Establécese unha bonificación da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que impliquen a creación de novos postos de traballo.*

*O importe da bonificación será o seguinte:*

*- Creación de até 5 postos de traballo: bonificación do 50% da cuota.*

- *Creación de entre 6 e 20 postos de traballo: bonificación do 75% da cuota.*
- *Creación de máis de 20 postos de traballo: bonificación do 95% da cuota.*

*A bonificación aplicarásese á cota resultante de aplicar, no seu caso, a bonificación á que se refire a Disposición Adicional Segunda.*

*Esta bonificación será de aplicación únicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións e se aplicará aos tres exercizos tributarios seguintes a aquel no que se inicie a actividade económica e se produza a creación de emprego.*

*Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarásese, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.*

CUARTO. Engadir unha Disposición Transitoria á Ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmóbles, coa redacción seguinte:

#### *Disposición Transitoria*

*As bonificacións potestativas previstas no artigo 3.2 e na Disposición Adicional Terceira terán unha vixencia de tres exercizos naturais. Transcurridos éstos decaerán na súa vixencia salvo acordo expreso de prórroga adoptado polo Pleno da Corporación.*

QUINTO. Aprobar o artigo 2.bis da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de licencias urbanísticas de actividade, de primeira utilización e de realización de actividades administrativas de control, coa redacción que se recolle a continuación:

#### *Artigo 2º bis.- Supostos de non suxeición.*

*Establécese a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou licenza de apertura ou verificación “a posteriori” de comunicación previa para levar a cabo á súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a alguna actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.*

*Este suposto de non suxeición terá unha vixencia de tres exercizos naturais a contar dende a súa entrada en vigor. Transcurridos éstos decaerán na súa vixencia salvo acordo expreso de prórroga adoptado polo Pleno da Corporación.*

SEXTO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

SÉPTIMO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

OITAVO. Manifestar a vontade do Concello de Outeiro de Rei de adherirse ao Protocolo Xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos doing business Galicia”.

O Alcalde explica que esta modificación, nos impostos do IBI e máis IAE vai máis aló do establecido no protocolo, xa que a creación de emprego é unha prioridade neste concello.

A voceira de FLI manifesta o apoio á proposta, xa que beneficia ao concello, e pregunta polo punto sétimo do protocolo, relativo á obriga dos concellos de venda de solo industrial a prezos competitivos.

O Alcalde resposta que este punto ten pouca incidencia neste concello, xa que dispoñemos de pouco solo industrial de titularidade municipal.

A voceira insiste que, aínda que haxa pouco solo de estas características, debería cumprirse este punto.

O Alcalde afirma que o protocolo está para cumprirse e, si xurde a ocasión de venda, así se fará.

O voceiro do BNG afirma que boa falta fai que se potencie a creación de empresas neste concello, xa que o polígono ten un grao de consolidación moi baixo, namentres que outros peor situados, coma o de Castro, están practicamente cheos.

Tamén pon de relevo que a porcentaxe de destrución de empresas en Galicia é superior ao de Cataluña, a pesares dos problemas políticos que teñen aló.

Finalmente, recorda que no soamente hai que acordarse das empresas, senón tamén das persoas, xa que neste país todo é por cartos ás grandes empresas mentres se esquecen dos autónomos e pequenas empresas, que son quen relamente soportan a meirande parte da economía do país.

Tamén bota de menos medidas orientadas a axudar a aquelas familias que, por problemas económicos conxunturais, non son quen de facer fronte ao pago dos tributos, ben artellando axudas ou por outros medios, como xa se expuso neste pleno.

Pola contra, a normativa vixente permite que unha familia numerosa que gañe un millón de euros ao mes poida disfrutar da bonificación do IBI por familia numerosa, mentres que unha familia con dous cativos e sen ingresos ten que pagar relixiosamente o IBI da súa vivenda.

Remata anunciando que o seu grupo votará a favor de esta proposta, se ben a considera insuficiente xa que hai moitas medidas que adotar.

O Alcalde resposta que este concello si que se acorda das pequenas empresas e, de feito, melloramos precisamente para as empresas máis pequenas as condicións estabrecidas no protocolo formulado pola FEGAMP (no que está representado o BNG e máis o PSdG-PSOE).

Non cree que se deba criticar a bonificación ás familias numerosas, e menos na situación demográfica actual, e se ben é certo que a bonificación non é progresiva, a progresividade xa se aplica dun xeito moi intenso na tributación da renda, polo que no conxunto do sistema tributario o que máis ten paga máis.

As medidas ás que fai referencia o voceiro do BNG xa se aplican a través dos servizos sociais municipais, quenes son quenes teñen a capacidade para avaliar as situacións de necesidade.

O voceiro do BNG reflexiona sobor si este tipo de medidas terán un efecto máis orientado a sacarse uns a outros as empresas que á creación de novas empresas. É dicir, de competir por repartirse a miseria en vez de xerar riqueza.

O Alcalde insiste en que esta medida está coordinada pola FEGAMP e a Xunta de Galicia, polo que as medidas serán homoxeneas a nivel municipal en toda Galicia, polo que non existirá competencia entre concellos, senón competencia de carón ao exterior.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación inicial da modificación de diversas ordenanzas fiscais.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con once votos a favor e unha abstención, pertencente á voceira do PSdG-PSOE.

## **5.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CON NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 4655**

O voceiro do BNG inicia a defensa da moción presentada con data de rexistro de entrada de 22 de decembro de 2017 e do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

**MOCIÓN PARA QUE DENDE O GOBERNO MUNICIPAL SE TOMEN AS MEDIDAS NEDESARIAS E SE FAGAN OS INVESTIMENTOS OPORTUNOS PARA QUE A AUGA DA TRAÍDA MUNICIPAL TEÑA UNHA CALIDADE ACEPTABLE PARAÑ O SEU CONSUMO**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Hai unha semanas, coas chuvias que por fin chegaron ao noso país, vimos unha vez máis como ao abrir a billa da traída municipal saía algo máis parecido a lodo que a auga, senda esta totalmente inservible para beber, para cociñar, para lavarse ou incluso para facer limpeza.

Esta é unha situación repetitiva no tempo, xa que dende hai xa anos nos únicos períodos onde a auga da traída Municipal ten unha calidade aceptable é nos períodos de seca, volvéndose totalmente turbia e practicamente inservible cada vez que chove un pouco máis do normal e o río sube uns centímetros de nivel.

No BNG cáusanos un pouco de estrañeza e inquedaanza observar que esta situación se produza nun concello que ten as taxas de enganche ao servizo municipal de auga máis altas da provincia, as cales multiplican ata por 10 os prezos das que se pagan dos concellos limítrofes.

A isto temos que engadir que tamén estamos nun concello onde so no ano 2016 ao goberno municipal "quedáronlle" máis dun millón de euros sen saber en que gastalos, o 25% do orzamento real do concello.

Para o BNG tamén nos resulta preocupante que se produza esta situación de falta de calidade nun servizo tan básico e importante como é o Servizo Municipal de Auga mentres que as veciñas e veciños de Outeiro pagamos un 48% de impostos municipais durante o ano 2016, impostos que polo que se ve van parar a outros lados, pero non á mellara dos servizos básicos municipais.

Sexa como sexa, dende o BNG sempre traballaremos para que a calidade dos servizos esenciais do concellos poidan ser desfrutados por toda a cidadanía e para que estes teñan unha calidade óptima. Os cartos de todas as veciñas e veciños teñen que investirse na mellara do concello e en garantir a súa prosperidade non en cuestións clientelares ou en xoguetes para as amizades dos que gobernan o concello.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta moción proponendo a adopción do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde e ao Goberno Municipal que poña en marcha as medidas necesarias para garantir unha calidade óptima da auga da traída municipal, utilizando para iso os recursos que sexan necesarios, ben sexa usando os remanentes de tesourería que aínda quedan por gastar do ano 2016, se a lei o permite, ou ben sexa reservando as partidas necesarias nos orzamentos do ano 2018, buscando sempre a colaboración e implicación doutras administración nestes proxectos.

Engade que esta situación é inexplicable nun concello coma este que conta cun remanente de tesourería abultado e que ten, senón o enganche ao auga máis caro da provincia, uns dos máis caros. E cita como exemplo a Begonte, que cobra polo enganche 150 euros e, a diferenza de Outeiro, a súa auga é apta para o consumo.

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra a concelleira de FLI, Juana Romero, quen apoia a moción do BNG, e recorda que xa non é a primeira vez que se trata no Pleno o problema da calidade da auga en Outeiro de Rei e que, de feito, o incluíron no seu programa electoral.

Califica de vergonzosa a situación, e que da vergoña que veña alguén a casa e non se lle poida ofrecer un vaso de auga, ou que non se poidan duchar, cociñar, ou lavar a roupa.

A voceira do PSdG-PSOE apoia asemade a moción, insiste no custe do servizo, nas contías invertidas, nas queixas dos veciños e no feito de que xa se tratou este problema no pleno e segue sen amañarse.

Tamén denuncia que o día da comisión informativa non se lles pasou a moción.

O Alcalde informa que, durante os tres meses que presidiu a Deputación Elena Candia, este concello asinou un convenio coa Deputación de 350.000 euros para a ampliación da ETAP.

En esos tres meses recibiu máis este concello que nos oito anos anteriores.

Con ese convenio invertíuse 500.000 euros na mellora do servizo, pasándose de ter dous filtros a ter catro; de ter un decantador a ter dous e elevouse a cota da planta, para evitar fallos nas crecidas do río.

Os filtros aínda están en fase de proba, se ben existen dúbidas de que a empresa esté facendo ben o mantemento. Agora ben, a turbidez nas crecidas fortes do río Ladra son moi difíciles de evitar, se ben coas actuáis melloras espera que se poidan reducir sustancialmente.

O esforzo e as inversións foron inxentes, o que permite a actual capacidade de resposta á demanda de auga, demanda que se elevou sustancialmente neste ano xa que, debido á sequía, moitos veciños que se abastecían de pozos solicitaron o enganche ao servizo municipal.

No que atinxe ao custe do enganche, recórdase que, a diferenza dos restantes concellos, o enganche o leva o concello a súa costa até o pé da parcela. Nos restantes concellos o enganche será máis barato, pero o veciño ten que facer as obras de derivación da rede até a súa parcela. Estas obras, que poden conlevar canalizacións que atravesen estradas e canalizacións de até un quilómetro, adoitan a ser máis caros que o custe repercutido na taxa de enganche.

O Alcalde afirma que é unha preocupación do equipo de goberno e que seguirán traballando para mellorar a calidade da auga.

Expón que o sistema de captación directa do río da lugar a este tipo de problemas, xa que a captación dun embalse, ademáis de garantir mellor o abastecemento en épocas de seca, permite decantar o auga e reducir moito a turbidez,, pero o proxecto de embalse que se presentou fai moitos anos non saíu adiante e agora temos que abastecemos directamente do río.

Este concello podería rebaixar moito o custe do enganche e dar servizo a unhas poucas parroquias, ou ben manter o existente e facer do servizo un servizo universal.

Asemade, anuncia que non apoiarán a moción xa que o concello está a facer importantes inversión para acabar co problema, considerando que estas inversións non soamente tense que orientar a mellorar a calidade, senón tamén a dimensionar o servizo para poder atender toda a demanda.

O voceiro de BNG considera que, cun enganche de 1400 euros, o servizo non é universal, xa que moitos veciños non poderán pagar tal cantidade. De feito, para o concello é un negocio redondo.

O Alcalde nega que o custe sexa de 1400 euros, polo que, ou ben se equivoca, ou ben minte.



O voceiro de BNG afirma que o Alcalde limitouse a informar dos cartos que se gastaron na ETAP, pero non puxo sobre a mesa solucións para o problema que estamos a denunciar. Si se gastaron 500.000 euros na ampliación e mellora da ETAP e o auga segue a saír turbia cada vez que chove, ou se gastaron mal ou algo máis debe facerse, e máis cando se presume de ter un remanente de tesourería de preto de un millón de euros.

O que ten que facer é poñer unha solución sobre a mesa para arranxar o problema.

O Alcalde asegura que, aínda con este convenio especial, a Deputación aínda lle debe preto de dous millóns de euros para paliar o sectarismo dos oito anos de goberno de Besteiro co apoio do BNG.

O voceiro de BNG insiste en que a calidade da auga é prioritaria, polo que debe priorizarse o uso dos recursos municipais para atallar o problema, e considera que esos 400.000 euros de remanente de tesourería que quedan sen asignar, permitirían adoptar medidas adicionais.

A voceira do PSdG-PSOE alega que o Alcalde reconece que o enganche da auga é caro, que a auga está mal e sae turbia, no da a talla e parece votarlle a culpa á Deputación. Insta ao Alcalde a que solucione o problema xa que é un problema real e existe a necesidade de acadar unha solución.

Juana Romero afirma que hai moita xente afectada e, máxime nestas datas navideñas que ven xente a casa.

Remata implorando ao Alcalde que adopte as medidas necesarias para solucionar o problema.

O Alcalde afirma que, ademais de esos 150.000 euros do concello que complementan os 350.000 do convenio asinado coa Deputación cando Elena Candia era a Presidenta, o concello seguirá a invertir para mellorar a calidade da auga.

Agora ben, a día de hoxe está en probas a estación de tratamento, polo que aínda non se coñece se as instalacións, cando esté a pleno rendemento serán dabondo para garantir esa calidade ou si será necesario facer máis inversión. Se é así, se seguirá invertindo.

A taxa de enganche permite que todos os veciños, con independencia de onde vivan, teñan acceso ao servizo, o que non podería suceder si se cobrase unha taxa inferior. E respecto da dificultade que pode ter algún para afrontala, informa que en varias ocasións e previo informe dos servizos sociais, por un lado cobrouse a taxa e simultaneamente outorgouse unha axuda de emerxencia social para que puidese facer fronte á mesma, polo que a unerversalidade está garantida.

Conclúe que, debido ao esforzo inversor feito polo concello e debido ao compromiso de seguir a invertir de ser necesario, non ten sentido aprobar a moción.

Rematado o debate, sométese a votación a moción presentada.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con sete votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e cinco votos a favor da moción.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

A instancias do Alcalde, o Secretario da lectura, en viva voz, do rogo presentado polo grupo municipal do BNG con data de rexistro de entrada de 28 de decembro de 2017 e do seguinte teor literal:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, Concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte rogo:

A seca que está a sufrir Galicia nos últimos meses provocou que moitos pozos se estean secando, que os encaros estiveran en mínimos históricos e que xurdira unha preocupación entre a cidadanía ante esta situación extrema de seca.

O Concello non contemplou nos últimos anos a construción de ningunha fonte nos parques públicos que realizou en diferentes parroquias.

Dáse a casualidade que durante as obras de realización dunha pista polideportiva na zona do Triacqua, parroquia de Guillar, apareceu un manancial que xa era coñecido polos máis vellos do lugar. Dado o excepcional do feito, pedimos que:

Se faga o posible para dotar á zona dunha fonte pública aproveitando o caudal de dito manancial.”

O Alcalde afirma que non é certo que o concello non actúe nas fontes, xa que nos últimos anos amañou ou fixo unha morea delas en moitas parroquias.

É certo que en Triacqua xurdiu un curso de auga, pero deben tomarse precaucións de cara a súa salubridade, xa que é un entorno moi poboado e pode haber verquidos, polo que existe o risco de que non sempre sexa potable.

Por tal motivo, coma a rede municipal de abastecemento chega a todas as parroquias, é máis partidario de, alí onde poidan ser necesarias, crear fontes que se abastezcan da rede municipal, xa que así se pode garantir a súa salubridade.

A continuación, o Secretario da lectura, en viva voz, do escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do BNG con data de rexistro de entrada de 28 de decembro de 2017 e do seguinte teor literal:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, Concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte pregunta:

O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 5 dispón que : "A lingua propia de Galicia é o galego" e que "os poderes públicos de Galicia garantirán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa..."

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no artigo 2 reitera este mandato, concretando que : "os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán linguas oficiais da Comunidade Autónoma galega". E establece no seu artigo 4.1 que: " o galego como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da Comunidade autónoma" e no seu artigo 25 "o Goberno galego e as Corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras". A Carta Europea das Línguas Rexionais ou Minoritarias, feita en Estrasburgo, o 5 de novembro de 1992, ratificada polo Estado español mediante o Instrumento de ratificación publicado no BOE nº 222, do 15 de setembro de 2001 establece, no seu artigo 10.2, que as autoridades locais se comprometen a permitir e a fomentar o emprego das linguas rexionais ou minoritarias no mundo da Administración local e, en concreto, nas solicitudes, nos textos oficiais, nos debates das asembleas e na toponimia, así como do resto de actividades que as administracións realicen por sí mesmas ou por terceiros interpostos para a prestación dos servizos públicos garantidos.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galiza no artigo 7.1 dispón que:"O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén da súa Administración local" Por todo isto desde o BNG facemos a seguinte pregunta:

Porqué na páxina web do Concello as xanelas co nome "Caminos de Outeiro de Rei" e "Parque empresarial Outeiro de Rei" non teñen como opción o galego, estando a primeira en castelán e inglés e a segunda delas exclusivamente en castelán?."

O Alcalde resposta que, non sendo unha desgracia que non esté en galego, se traducirá ao galego en breve e algún idioma máis, especialmente á de carácter turístico.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as quince horas e vinte minutos da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e prace do Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde